


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

29-30 de maio do 2021

FESTA DA TRINDADE



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

♪ *Unha xuntanza de amor*

### *Celebrante*

Imos comezar a nosa celebración facendo referencia ao gran misterio que nos presenta a liturxia deste día e que moitas veces, por rutina ou costume, non nos damos conta. Invocamos á Trindade e dicimos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Dende o noso bautizo formamos parte do fogar da Igrexa e proclamamos ao Deus que comparte a nosa vida, o Deus que nos mostrou Xesús coa súa vida e que quere relacionarse con nós en todas as situacións nas que nos atopemos.

Un Deus-Pai-Nai que nos coida e agarima.

Un Deus-Fillo-Irmán que está á nosa beira ensinándonos o camiño de amor e de compartir cos irmáns.

Un Deus-Espírito Santo que alenta no noso interior para formar parte da comunidade dos crentes.

Este único Deus invítanos agora a compartir a fe na que coma Pai nos dá ao seu Fillo para que co Espírito Santo formemos tamén nós unha única comunidade na que todos somos acollidos e queridos sen distincións.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** Neste momento de conversión queremos facer tamén referencia a ese Deus Trindade para que acepte as nosas boas obras e perdoe cando non nos portamos coma debemos:

**Monitor/a**

➤ Porque tantas veces seguimos presentando a Deus na trindade de xuíz, vingativo e cruel

**DEUS PAI,  
TEN PIEDADE DE NÓS**

➤ Polas veces que nos falta ilusión e confianza, e convertémonos en cristiáns cheos de rutinas

**DEUS FILLO,  
TEN PIEDADE DE NÓS**

➤ Polas veces que na nosa vida non sentimos a Deus a nosa beira, e deixámonos encamiñar polo ter, polo poder ou polo prestixio

**DEUS ESPÍRITO SANTO,  
TEN PIEDADE DE NÓS**

**Celebrante** Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns e nas nosas vidas, dos que lles costa crer e dos que non atopan a Deus. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. AMÉN

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Nesta oración agradecemos a nosa fe recibida no bautismo e pedimos que se fortaleza cada día nas nosas vidas*

*(silenzo)*

**Celebrante:**

Deus Pai, ti revelaches ao xénero humano o admirable misterio do teu ser, enviando ao teu Fillo, Palabra da verdade, e ao Espírito da santidad, concédenos profesar a nosa fe en Ti e recoñecer a túa gloria na unidade das tres persoas, por Cristo, Noso Señor.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** A palabra de Deus proclamada é para nós

**Monitor/a:**

*A Palabra de Deus que agora imos escoitar fálanos da busca de Deus e achéganos a El.*

*O Deus-misterio é tamén Deus-cercanía, é un Deus que se vai amosando, ao que hai que ir descubrindo como esforzo de toda unha vida; a escoita da Palabra dános a oportunidade de estar á súa beira. El é o noso ABBÁ (paiciño-papaiño).*

Ro 8, 14-17 *LECTURA*

## PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Cantos se deixan guiar polo Espírito de Deus, eses son fillos de Deus. Pois non recibistes un espírito de escravitude, para volverdes ao medo. Non. Vós recibistes un espírito de fillos adoptivos, grazas ao que podemos gritar: ¡"Abbá": Pai! Este mesmo Espírito, xuntamente co noso, dá testemuño de que somos fillos de Deus. E, se fillos, tamén herdeiros: herdeiros de Deus e coherdeiros con Cristo; xa que, se padecemos con el, é para sermos tamén despois glorificados con el.

### Palabra do Señor

♪ 41 ♪ *Quen nos vai separar de ti* **SALMO**

(en pé) Mt 28, 16-20 *EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Os once discípulos fóronse para Galilea ao monte onde Xesús os citara. E véndoo, prostráronse ante el, aunque algúns dubidaban. Xesús, achegándose, díxolles: - Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. Ide, pois, e facede discípulos meus a todos os pobos, bautizándoos

no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo; ensinándolles a gardar canto vos mandei. Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos na paz para sementala e calar aos violentos que  
non teñen valor para ser tolerantes e respectuosos con  
quen vive e pensa diferente, en Siria e en Palestina*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos na tenrura para agarimar e estar á beira das  
mulleres que sofren violencia de xénero,*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos na acollida para cos refuxiados erguer pontes  
en lugar de muros facendo do mundo un fogar fraterno,*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos que está con nós á hora de ter preocupación  
ecolóxica porque nas nosas mans está o coidado e a  
responsabilidade con esta natureza que nos rodea,*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e está con nós na responsabilidade de coidarnos e coidar  
aos demais neste tempo de pandemia*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e está no medio da nosa comunidade porque nos di “eu  
estarei con vós ata a fin do mundo.*

**(en pé) PROCLAMAMOS A NOSA FE**

*Celebrante Deixémonos alumar pola luz da fe que  
recibimos no bautismo e profesemos a nosa fe no  
Deus-Trindade de persoas, respostamos:*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a**

*Credes en Deus PAI-NAI, que se nos quixo facer  
cercano e que quere formar parte na nosa historia?*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes en Deus FILLO, Xesucristo, que nos envía a  
anunciar o evanxeo no nome do Deus amor que se fai en  
comunidade?*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes en Deus ESPÍRITO SANTO, que vive en nós  
alentándonos na construción dun mundo que sexa de  
novo “a imaxe e semellanza de Deus”?*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes na IGREXA, COMUNIDADE, que se  
descubre, á imaxe de Deus, cimentada no afecto e  
anunciadora dun Deus inabarcable no noso cerebro pero  
capaz de encher de amor o noso corazón?*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

*Celebrante* Movidos polo Espírito que habita en nós, coa intercesión do Fillo, oremos ao Pai das misericordias dicindo: **Fainos comunidade Señor**

### *Monitor/a*

- Lémbrete, Señor, da túa Igrexa, aléntanos para vencer a tentación do aillamento e a autosuficiencia, porque por veces nos cremos mellores que os demais, e esquecemos que Ti es DEUS para todos. Oremos

- Lémbrete, Señor, dos fogares da nosa parroquia, axúdanos a facer deles lugares de encontro, de compartir alegrías e penas, fracasos e esperanzas. Oremos

- Lémbrete, Señor, de Os Cotos, que non teñamos medo a aportar o noso esforzo para facérmonos cribles na xustiza, na tolerancia e no ben común. Oremos

- Lémbrete, Señor, das persoas que viven ou se sinten soas. Oremos

- Lémbrete, Señor, das persoas que fan ben, son para todos nós exemplo e fonte de vida e alento. Oremos

*Celebrante:* *Quédate, Señor, connosco, non nos deixes da túa man, fainos comunidade de crentes que se aventura no camiño que nos mostrou Xesús e que nós temos que testemuñar coa nosa vida. Por Cristo noso Señor. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

### NOSO PAI

*Celebrante:* *Con esta oración, Xesús mostrounos un Deus que nos quere e se preocupa por nós, un Deus Pai-Nai atento ao que lle dicimos de corazón.*

*Non caiamos en rutinas repetitivas, senón que sintamos de verdade aquilo que dicimos na nosa oración:*

**NOSO PAI ...**



### SIGNO DA PAZ

*Celebrante:* *Hoxe o signo da paz neste momento quere mostrar que todos nós formamos unha soa comunidade unida nos sentimentos que nos transmite a fe. Aínda que non poidamos mostralo cun bico ou unha aperta, por responsabilidade, que o noso corazón transmita esa paz e esa fe que vivimos na igrexa do fogar.*



**NON COMULGAMOS  
PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN**

*Celebrante: Deus convidanos a compartir o evanxeo que nos leva á vida eterna.*

*Xesús faise presente no medio de nós en comunidade, en igrexa que se fai dende o fogar.*

*O Espírito alenta amor no seo dos que viven a unión dos fillos de Deus.*

*Ditosos nós que hoxe fomos convidados a compartir este misterio do Deus TRINDADE.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*



*Non vou so*

**4.- AVISOS E DESPEDIDA**

**ORACIÓN FINAL**

*Celebrante:*

Señor noso Deus, que a comunión deste sacramento e a profesión da nosa fe en ti, comunidade de persoas, nos consiga a salvación, por Cristo noso Señor. Amén

*Que o Señor, TRINDADE, nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

*Avísase das misas (ver folla do mes).*

